FORMAS/67



FORMA MONFERICA



O CASTRO

MONFERO

Nas estribacións da Serra da Loba, nunha quebrada que verque as suas augas no Lambre (río que desemboca na ría de Betanzos pol-a Ponte do Porco), nunha paisaxe de mestos piñeirais, nun val impresionantemente soio, está o mosteiro de Monfero, medio en ruina, tecidos nunha exuberante vexetación, o templo, os claustros, a sua inmensidade de pedra labrada.

Din que o primitivo cenobio foi construido por monxes cistercien-

En las estribaciones de la Serra da Loba, en una quebrada que vierte sus aguas en el Lambre (río que desemboca en la ría de Betanzos por el Ponte do Porco), en un paisaje denso de pinares, en un valle impresionantemente solitario, está el monasterio de Monfero, medio en ruinas, tejidos en una exuberante vegetación el templo, los claustros, su inmensidad de piedra labrada.

Dicen que el primitivo cenobio fue construído por monjes cistercienses

ses a mediados do século XII baixo a protección de Pedro Osorio, colateral da poderosa casa de Traba. Deste primeiro mosteiro apenas pódese identificar algunha pedra. O templo foi renovado a finais do século XVI e o mosteiro no primeiro tercio do XVII. Tivo unha riquísima biblioteca e dil saiu no século XVIII o bispo de Solsona, fray Agustín V. Varela, defensor da liturxia do Císter.

Nos montes que gardan o mosteiro pol-o norde, coñecidos pol-os da Cela, apareceuse aos monxes no século XVI unha imaxe da Virxen, á que hoxe se advoca este templo. Outros montes que gardan o mosteiro levan nomes que relembran directamente o latín: outos da Visura, paso de Locaíla.

No templo hai sepulcros góticos con esculturas de guerreiros, hai inscripcións que advirten da categoría dos personaxes —«do Concello do Rei»— que falan dun pasado histórico de Galicia que xustifica os seus anhelos de identidade. Tamén hai relembros dos Traba, dos Andrade e dos Moscoso cuio poder e patrocinio chegaba deica este apartado lugar, que até fai unha ducia de anos non tiña máis acceso que unha corredoira.

A fachada do templo de pedra almofadillada e xisto luce enormes columnas adosadas coronadas de capiteles corintios que sosteñen unha airosa arquitrabada. O templo está formado por unha grande nave central e un cruceiro con bóvedas de cañón con casetóns garnidos. Todo elo forma un conxunto barroco de gran pureza a un paso do renacemento.

a mediados del siglo XII bajo la protección de Pedro Osorio, colateral de la poderosa casa de Traba. De este primer monasterio apenas se puede identificar alguna piedra. El templo fue renovado a finales del siglo XVI y el monasterio en el primer tercio del XVII. Tuvo una riquísima biblioteca y de él salió en el siglo XVIII el obispo de Solsona, fray Agustín V. Varela, defensor de la liturgia del Císter.

En los montes que guardan el monasterio por el norte, conocidos por los de la Cela, se apareció a los monjes en el siglo XVI una imagen de la Virgen, a la que hoy se advoca este templo. Otros montes que guardan el monasterio llevan nombres que recuerdan directamente el latín: Outos da Visura, Paso de Locaíla.

En el templo hay sepulcros góticos con esculturas de guerreros, hay inscripciones que advierten de la categoría de los personajes —«do Concello do Rei»— que hablan de un pasado histórico de Galicia que justifica sus anhelos de identidad. También hay recuerdos de los Traba, de los Andrade y de los Moscoso cuyo poder y patrocinio llegaba hasta este apartado lugar, que hasta hace una docena de años no tenía más acceso que una *corredoira*.

La fachada del templo de piedra almohadillada y pizarra luce enormes columnas adosadas coronadas de capiteles corintios que sostienen un airoso entablamento. El templo está formado por una gran nave central y un crucero con bóvedas de cañón con casetones guarnecidos. Todo ello forma un conjunto barroco de gran pureza a un paso del renacimiento.

Fai poucos anos un «mandamais» quixo desmontar a fachada de Monfero pra lla incardinar a unha iglesia de nova planta que se construia na Coruña estilo híbrido de galería e elevador de grao. Afortunadamente o «mandamais» morreu antes de ver realizada a sua tropelía.

O «monférico» é un sistema ornamental que tencioa relembrar de xeito moi abstracto o casetonado das bóvedas barrocas, e o distinguir iste sistema có do topónimo de Monfero ven porque esta bisbarra que encerra esta maravilla de pedra do noso pasado histórico, fica, ainda a sua lonxanía, baixo o dominio do noso ollar dende unha das fiestras de este laboratorio de formas do Castro no que foi estudado este sistema.

Hace pocos años un «mandamais» quiso desmontar la fachada de Monfero para incardinarla a una iglesia de nueva planta que se construia en A Coruña estilo híbrido de galería y elevador de granos. Afortunadamente el «mandamais» murió antes de ver realizada su tropelía.

El «monférico» es un sistema ornamental que trata de recordar de forma muy abstracta el casetonado de las bóvedas barrocas, y lo de distinguir este sistema con el del topónimo de Monfero viene porque esta comarca que encierra esta maravilla de piedra de nuestro pasado histórico, queda, aún su lejanía, bajo el dominio de nuestra mirada desde una de las ventanas de este laboratorio de formas de O Castro en el que fue estudiado este sistema.

SOPEIRA



ENSALADEIRA



SALSEIRA



O CASTRO
FORMAS/67



FONTE PEQUENA


PLATO FONDO
198 mm. Ø
PLATO POSTRE
198 mm. Ø
PLATO CHAO GRANDE
268 mm. Ø
PLATO CHAO PEQUENO·242 mm. Ø
PLATO TE·150 mm. Ø
FONTE GRANDE
470 mm. largo
FONTE PEQUENA 386 mm. largo


TAZA CALDO
425 c. c.
ENSALADEIRA
3.000 c. c.
SOPEIRA
3.650 c. c.
SALSEIRA
950 c.c.
TEEIRA
2.300 c.c.
PLATO CAFE
120mm. Ø
VASO
200mm.alto
TAZA ALMORZO
425 c.c.
CAFETEIRA
790 c.c.
XARRA P.
240 c.c.
XARRA G.
610 c.c.
ZUCREIRA
260 c.c.
TAZA TE
250 c.c.
T. CAFE
90 c.c.

VASO - TAZA CALDO, ALMORZO, TE

TEEIRA